


PEZA DO MES

xuño

2010



PUNTA LEVALLOIS



NÚCLEO EN TARTARUGA E EXTRACCIÓN DE LASCA E PUNTA LEVALLOIS
(S. BORDES, TIXIER E LEROI-GORHAN)

PUNTA LEVALLOIS

A técnica Levallois (que toma o seu nome desta localidade paleolítica, a beiras do Sena, absorbida hoxe por París) é un método de talla perfectamente caracterizado dentro do grupo das tallas que producen elementos morfolóxicos “laminares” ou “finos”, fronte ás que producen útiles “nucleares” ou “groseiros”. Ou sexa, o chamado modo Paleolítico 3 fronte ao modo Paleolítico 2.

Nesta talla obtéñense (xeralmente por percusión branda): lascas, láminas e puntas cunha morfoloxía peculiar (“levallois”).

Todas elas baséanse na preparación previa do núcleo de materia prima nunha forma chamada “en tartaruga”, coa que se consegue o elemento base para obter os restantes elementos de talla.

Existe pois unha predeterminación formal no suxeito que talla e na súa mente hai un esquema previo fixo para fabricar seriadamente un elemento sempre repetitivo (estandarización). Sería a primeira obra conceptual da “enxeñería-tecnoloxía” humana, o “primeiro parafuso” que o home fabrica en serie para obter un resultado morfolóxico complexo e que esixe unha serie de pasos previos, que xa están establecidos por aprendizaxe nas mentes dos suxeitos que producen a peza.

Os pasos que levan a unha punta Levallois serían esquematicamente:

a) Talla do núcleo (“núcleo en tartaruga”): desde o bloque de materia prima (sílex, pórfido, cuarcita, etc.) –sen que o tipo de fracturación da rocha nunca represente unha limitación insalvable para este tipo de talla– prepárase nun canto alargado e aplanado unha secuencia de extraccións no seu lateral sacando unha serie de lascas, ou sexa rebáixase toda a súa periferia. Desde este “plano de percusión periférico” rebáixase ou pela, por extracción de lascas, unha cara, resultando así unha especie de forma convexa (“tartaruga”). Nun dos seus extremos establécese un plano de percusión que habitualmente se prepara coidadosamente e que vai servir para extraer o segundo elemento.

b) Fabricación dunha lasca Levallois: na zona ou plano de percusión preparado nun lateral do “núcleo en tartaruga” realízase o impacto que dá lugar a unha lasca de Levallois, na que, na cara superior, están os negativos dos lascados preparatorios e na cara inferior, que é lisa, pode visualizarse o bulbo de percusión. O talón da lasca pode estar facetado ou non segundo a preparación previa ao impacto para extraer a lasca.

c) Fabricación dunha lámina Levallois: extráense ao longo das cristas formadas pola extracción das lascas.


d) Punta Levallois: Foi definida por BORDES (1948) como “unha punta triangular con forma predeterminada na preparación especial do núcleo. Secundariamente puido ser retocada”. Esta definición tan pouco precisa é completada dous anos máis tarde polo mesmo autor: “É un tipo especial de lasca Levallois, de forma triangular, máis ou menos alargada e regular. Foi obtida dun núcleo especial (núcleo Levallois)”. Detalladamente explica que o núcleo é oval, esmagado xeralmente, cos bordos lascados e cunha das súas superficies con extraccións centrípetas, dándolle unha forma groseira de quelonio (tartaruga). Ten ademais un plano preparado con pequenas facetas perpendiculares ao eixo maior.

Nel prepáranse unha serie de arestas, extraendo lascas. A primeira lasca leva a parte superior dunha aresta (aresta guía) producindo unha primeira punta (punta de primeira orde ou triángulo base) e logo prodúcese con outro impacto a segunda punta (punta de segunda orde), que é a verdadeira punta levalloisiense.

TIXIER (1960) defínea como unha lasca triangular cunha aresta mediana que adoita posuír na súa base un triángulo produto dunha extracción anterior.

Pretendéronse numerosas clasificacións das puntas de Levallois: puntas non retocadas, retocadas, con talón facetado, con talón non facetado, derivadas tipo Emireh e puntas de Sayons, etc.

A punta Levallois non se encadra nunha cronoloxía determinada senón que é un produto de talla que aparece no Achelense, desenvolvéndose en Riss (segundo BORDES) e que será moi importante durante o Paleolítico Medio no Musteriense. Logo durará, con variantes, ata a aparición da metalurxia.




EXTRACCIÓN DE PUNTAS LEVALLOIS (S. BORDES ET BRÉZILLON)

Avaliada desde o punto ergonómico algúns a consideran un método de luxo, pois un núcleo non adoita producir máis de 2 ó 3 puntas. BRADLEY (1977) en experimentos de talla produciu 20 núcleos levallois sobre bloques tabulares de sílex de 4 cm de espesor por 15 cm de diámetro. Este autor fixa un límite de 6 cm como a soleira decisiva para a produción de lascas levallois. Se a lonxitude da lasca era inferior a este valor abandonaba o experimento nesta fase. De media extra estráense 4,35 lascas Levallois (entre 3 e 8) e 102 lascas doutro tipo por cada núcleo. Se consideramos que extraer unha punta é máis complexo, o número de puntas será moito menor.

A punta concreta que hoxe nos ocupa trátase dunha peza fabricada sobre cuarcita (canto rodado fluvial) de gran moi fino, con percutores brandos, con reserva na súa base (o que a fai atípica), con anchura na súa base de 47 mm, unha altura (desde o vértice á base) de 57 mm e un grosor máximo de 14 mm. O seu peso é de 39,5 gr. As súas medidas triangulares son: : 60 mm, 54 mm e 47 mm.

Atopouse nunha das campañas realizadas no clásico xacemento da Piteira (Toén), que en numerosas ocasións foi relacionado e contextualizado (de modo similar aos da Regata en S. Cibrán das Viñas e o de S. Cibrán de Las) co período Musteriense de tradición Achelense (con numerosos elementos laminares e menores –modo 3– mesturados con outros elementos nucleares e maiores –modo 2–). No último estudo con terminoloxía clásica bordesiana de Rosa VILLAR (1996) o número de elementos tipo Levallois da Piteira sería (sobre un total de 325 útiles clasificados): Lascas Levallois 40 (12,3%) , lascas Levallois atípicas 20 (6,1%), puntas Levallois 8 (2,4%) e puntas Levallois retoca-



PUNTAS ENMANGADAS DE HOWIESON'S POORT

das 4 (1,2%). O número de elementos Levallois sería o máis abundante: 72 elementos (22%) ou sexa case unha cuarta parte dos analizados.

En canto á súa cronoloxía absoluta aínda dependemos dos resultados das análises dos elementos do xacemento de Triacastela (Lugo) ou sexa dos restos da Cova de Eirós (cunha data tope de 35.000 anos a. C.).

En canto á súa tradución en termos de Sistema Lóxico Analítico recentemente empregado na análise da industria lítica da Piteira por LOMBERA (2005) atopámonos ante unha peza de Base Positiva de 2ª xeración de Configuración (BP2GC) que se incluírían nos Temas Operativos Técnicos Indirectos (TOTI) centrípetos xerarquizados e predeterminados. Todos os elementos da Piteira incluídos por LOMBERA neste grupo (lascas e puntas de tipo Levallois=BP2GC e raederas e burís=BN2GC) utilizan como materia prima exclusivamente cuarcita de gran fino, indubidablemente para obter un maior control técnico ao realizalos.

O uso das puntas Levallois debía de ser dobre:

a.– Directamente asidas na man podendo, retocadas ou non nalgún dos seus bordos, servir de punzón, perforador, raspador, coitelo de dorso, etc.... en traballos que necesitasen non forza senón precisión.

b.– Enmangadas en diferentes materiais vexetais (madeira, canas) para aumentar a súa potencia, o seu alcance ou modificar o seu uso.


Este punto de vista foinos ilustrado ultimamente por JACOBS e G; ROBERS (2009) nos estudos e experimentacións efectuados nos útiles atopados no xacemento de Howieson's Poort (costa este da República de Sudáfrica) que se asigna ao Paleolítico Medio e foron datados polo innovador método de luminescencia estimulada óptimamente (OSL): esta mide a temporalidade cun raio láser actuando sobre os electróns atrapados na rede cristalina dos grans de area do xacemento. Iso produce unha emisión de luz (o sinal OSL) que se detecta cun tubo multiplicador, calculando así a partir do sinal OSL e a radiación da mostra e o sedimento que a rodea o tempo que os grans de area e polo tanto do tempo que o instrumento permaneceu enterrado. Calculouse así para estas puntas entre 100.000-40.000 a. C.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:

<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico

XACOBEO 2008
Galicia

XUNTA
DE GALICIA